

## **ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN CONCURSO OPOSICIÓN PERSOAL PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICOS/AS DE TURISMO EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.**

Reunidos ás 9:00 horas en data 8/7/2019 os membros do Tribunal de selección do proceso de selección por concurso oposición de persoal para formación dunha bolsa de emprego de Técnico/as en Turismo do Concello de Arzúa segundo bases de selección publicadas no BOP n.º 114 de data 18/06/2019

Procédese a constitución do Tribunal estando presentes os seguintes membros::

Presidente: Luís Fole Barrio ( Arquitecto Técnico do concello de Arzúa )

Vogais:

- 1.-Joaquim Vázquez Rodríguez ( Técnico de normalización lingüística do Concello de Melide )
- 2.-Ana Vallo Camba ( Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto )
- 3.-Mónica Lado Varela ( Interventora do Concello de Teo )

No asiste Mónica Seijas Rey ( Técnica de emprego do Concello de Toques ).

Actuando como Secretaria Rebeca Vázquez Vázquez ( Secretaria do Concello de Arzúa )

Non se manifesta por ningún membro do Tribunal estar afectado por causa de abstención ( artigo 24 Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Prócedese á lectura da base 10.1 das bases que rexen este proceso selectivo:

### **10.1. Fase de oposición. Máximo 14 puntos.**

A fase de oposición consistirá na seguinte proba: proba tipo test e ( no seu caso ) proba de galego.

a) Proba tipo test. Máximo 14 puntos. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba escrita, que será determinada polo Tribunal cualificador. Constará dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, e cinco preguntas de reserva, onde se avaliarán os coñecementos das persoas aspirantes sobre o temario obxecto da presente convocatoria. ( ver Anexo temario)

A proba terá unha duración máxima dunha hora e será valorada cun máximo de 14,00 puntos, a razón de 0,35 puntos por resposta correcta. As respostas erróneas non restarán puntuación nin as que se deixen an branco. Será necesario obter unha puntuación mínima de 6,00 puntos para a superación da proba e que sexan valorados os méritos da fase de oposición

b) Proba de galego. De carácter obligatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos. Dita proba cualificarase co resultado de apto/a ou non apto/a. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 4 ou equivalente.



.Os exercicios realizaranse a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

Na mesma data de realización da proba test será realizada a proba de galego con carácter previo a proba de oposición non participando na proba test aqueles que non superen a proba de galego.

A non presentación dun aspirante no momento de realización dalgún dos exercicios determinará o decaemento do dereito a participar en dita proba, salvo en casos xustificados e debidamente acreditados apreciados libremente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade, pasaporte ou outro documento fidedigno que a xuízo do Tribunal acredite a súa identidade.

A data de realización do exercicio publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa en páxina web e taboleiro edictos Concello con tres días hábiles de antelación ao seu inicio.

O tribunal adoptará as medidas precisas para garantir que os exercicios da fase de oposición que sexan escritos sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para elo modelos impresos para exame nos que non poderá constar ningún dato nin identificación do aspirante na parte da folla normalizada de exame que deba de ser corrixida polo tribunal. O tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos mesmos.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir da realización da proba test de oposición para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio.

Así mesmo disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir da publicación das puntuacións correspondentes a cada exercicio para presentar reclamacións a ditas puntuacións.

En aplicación do disposto na base 10.1 das bases que rexen este proceso selectivo e tendo todos os/as aspirantes acreditado o coñecemento do galego non sendo necesaria a realización de proba de galego polo Tribunal acórdase a realización da seguinte proba tipo test:

**1.- Ademais da lingua oficial do Estado español, son tamén oficiais as outras linguas españolas?:**

- A) Non, terán a consideración de dialectos
- B) Si, en todo o territorio español
- C) Si, nas respectivas Comunidades Autónomas**

**2.- A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é:**

- A) Un patrimonio cultural**
- B) Un ben cultural
- C) Un patrimonio histórico e cultural

**3.- Que debe ser democrático nos sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais?:**

- A) O seu funcionamento
- B) A súa estrutura interna
- C) O seu funcionamento e estrutura interna**

**4.- En materia de crenzas relixiosas, os poderes públicos manterán relacións de cooperación con:**

- A) A Igrexa católica e Evanxelista
- C) A Igrexa católica e as demais confesións ( SE INFORMA NA PROBA QUE SERÍA B )**
- C) As confesións inscritas nos Rexistros correspondentes

**5.- O réxime de Seguridade Social garantirá unhas prestacións sociais suficientes diante de situacións de necesidade, especialmente en caso de:**

- A) Desemprego**
- B) Enfermidade
- C) Necesidade

**6.- A Capela da Mota encóntrase na parroquia de:**

- A) Rendal
- B) San Estevo do Campo**



C) San Martiño de Calvos de Sobrecamiño

**7.- A última parroquia pola que discorre o Camiño de Santiago antes de chegar ao Pino é:**

- A) Dodro
- B) Bures**
- C) Oíns

**8.- O xacemento arqueolóxico de Castro Curbín está situado no lugar de:**

- A) Ribadiso
- B) A Quenlla**
- C) A Pena

**9. O Concello de Arzúa conta con:**

- A) 23 parroquias
- B) 25 parroquias
- C) 22 parroquias**

**10. O percorrido aproximado do Camiño de Santiago dende que entra no Concello de Arzúa pola parroquia de Boente (A Peroxa) ata que sae entrando no Concello de O Pino é de:**

- A) 21,9 Km
- B) 16,6 Km**
- C) 18,0 Km

**11. Os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma:**

- A) Unicamente poderán utilizar o castelán
- B) Unicamente poderán utilizar a lingua que sexa cooficial nela
- C) Poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela**

**12. Deberá traducir ao castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban producir efecto fora do territorio da Comunidade Autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente:**

- A) **A Administración Pública instrutora do procedemento**
- B) A Administración Pública que inicie o procedemento
- C) A Administración pública encargada de resolver o procedemento

**13. Os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada:**

- A) Mínima de 5 anos a contar desde a data de inscrición
- B) Máxima de 10 anos a contar desde a data de inscrición
- C) **Máxima de 5 anos a contar desde a data de inscrición**

**14. As Administracións Públicas están obrigadas a verificar a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten en:**

- A) O correspondente rexistro administrativo
- B) **O Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente**
- C) Os arquivos electrónicos da Administración

**15. O Título I da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común denomínase:**

- A) **Dos interesados no procedemento**
- B) Da actividade das Administracións Públicas
- C) Disposicións xerais

**16.- Que artigo da Lei 7/1985, establece os dereitos dos veciños?**

- A) O art. 17
- B) **O art. 18**
- C) O art. 19

**17.- Que artigo da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece os servizos mínimos que deben ser presentados polos Concellos?**

- A) O art. 54
- B) O art. 34
- C) **O art. 26**

**18.- Quen pode determinar a alteración do nome dun municipio?**

- A) O pleno do Concello
- B) A Deputación Provincial
- C) **O Consello de Goberno da Comunidade Autónoma interesada**

**19.- A inscrición no padrón municipal:**

- A) Non se esixe aos estranxeiros
- B) Non é proba de residencia para os estranxeiros**
- C) Non se esixe aos estranxeiros menores de idade

**20.- En que municipios existe a Xunta de Goberno Local?**

- A) Obrigatoriamente en todos os municipios que conten con máis de 500 habitantes
- B) Obrigatoriamente en todos os municipios que conten con menos de 5.000 habitantes
- C) Obrigatoriamente en todos os municipios que conten con máis de 5.000 habitantes**

**21.- ¿ A calidade turística aparece abordada no artigo 32 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia ?**

- A) Titulo 1
- B) Titulo 2
- C) Titulo 3**

**22.- O Consello de Turismo de Galicia como órgano de asesoramento en materia de turismo aparece regulado no artigo 7 da lei 7/2011 de Turismo de Galicia**

- A) Titulo 4
- B) Titulo 1**
- C) Titulo 2

**23.- ¿Os dereitos e obrigas dos/las usuarios/las turísticos aparecen enumerados no ?**

- A) Titulo Preliminar da Lei 7/2011 Turismo de Galicia
- B) Titulo 3 da Lei 7/2011 Turismo de Galicia
- C) Titulo 2 da Lei 7/2011 Turismo de Galicia**

**24.- O Turismo cultural contribúe a :**

- A) O desenvolvemento económico dun destino
- B) O achegamento entre os distintos pobos
- C) Ambas as dúas son correctas**

**25.- Entre as razóns que explican o aumento do turismo cultural nos últimos anos está:**



- A) Un maior nivel na educación a nivel mundial
- B) Un maior envellecemento na poboación
- C) Ambas as dúas son correctas**

**26.- Os elementos físicos, públicos e privados, necesarios para o acceso do destino e disfrute da súa oferta turística por parte do turista son:**

- A) Os recursos
- B) Os servizos turísticos
- C) As infraestructuras**

**27.- As principais características dun produto turístico son:**

- A) A intanxibilidade , a caducidade , a heteroxeneidade e a inseparabilidade .**
- B) A intanxibilidade e a heteroxeneidade.
- C) A intanxibilidade e a heteroxeneidade e inseparabilidade .

**28.- O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da humanidade pola UNESCO en :**

- A) 1997
- B) 1993**
- C )1985

**29.- O Camiño de Santiago foi declarado “ primeiro itinerario cultural europeo” polo Consello de Europa en :**

- A) 1995
- B) 1987**
- C )1992

**30.- Os establementos de aloxamento turístico que reúnan unhas características especiais, sexa polos seus valores arquitectónicos, o pola súa localización singular en lugares paixasísticamente destacables denomínanse:**

- A) Pensiós
- B) Casas Rurais
- C) Pousadas**

**31.- As competencias municipais en materia de turismo na Lei de Turismo de Galicia están reguladas no artigo;**

- A) 5
- B) 15
- C) 25

**32.- Segundo o artigo 74 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016 a natureza dos camiños de Santiago é :**

- A) **O conxunto de rutas dos camiños de Santiago está constituído por viais de dominio e uso público , os seus elementos funcionais e o territorio que o define.**
- B) O conxunto de rutas dos camiños de Santiago está constituído por viais de dominio e uso público.
- C) O conxunto de rutas dos camiños de Santiago está constituído por viais de dominio e uso público e o territorio que o define .

**33.- Segundo a Lei 7/1985 de bases do réxime local os municipios exercerán en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas as seguintes competencias en materia de turismo:**

- A) Información da actividade turística
- B) Información e promoción da actividade turística de interés e ámbito local,**
- C) Información e promoción de actividades turísticas en xeral.

**34.- O lugar das Hortas pertence a parroquia de :**

- A) Dombodán**
- B) Vilantime.
- C) Viñós.

**35.- Os sistemas de firma admitidos polas Administracións Públicas conforme o artigo 10 da Lei 39/2015 do 1 de outubro son:**

- A) Calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento , así como a integridade e inalterabilidade do documento.**
- B) Unicamente certificado electrónico da Fábrica nacional de moeda e timbre .
- C) Unicamente polo sistema Clave.

**36.- Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións están regulados no artigo:**

- A) 13 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común .**
- B) 13 da Lei de Turismo de Galicia.
- C) 13 da Constitución Española.



**37.- O dereito e obriga de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas**

**ANULADA**

- A) Están regulados na Lei de Turismo de Galicia .
- B) Están regulados na Constitución Española .
- C) EstáA) 13 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común .
- B) 13 da Lei de Turismo de Galicia.
- C) 13 da Constitución Española.n regulados no artigo 14 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común.

**38.-Cal dos seguintes dereitos non está recollido na sección primeira do Capítulo II do Título I da Constitución española:**

- A) O dereito o traballo.**
- B) O dereito a libre sindicación.
- C) O dereito para expresarse libremente.

**39.-Que artigo da Constitución Española regula a distribución de competencias en materia de Turismo:**

- A) O 148.1.18**
- B) O 149.
- C) O 148.1.17

**40.- A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas nos municipios corresponde a :**

- A) O Alcalde ou Alcaldesa
- B) O Pleno**
- C) A Comisión permanente especial de contas.

**PREGUNTAS RESERVA:**

**1.- Cal é a entidade básica da organización territorial do Estado?**

- A) A Provincia
- B) O Municipio**
- C) A Comunidade Autónoma

**2.- Cal dos seguintes dereitos non está recollido na sección primeira do capítulo segundo do título I da Constitución?**

**A) O dereito ao traballo.**

B) O dereito á libre sindicación.

C) O dereito á libre circulación polo territorio nacional.

**3.- Os servizos sociais atenderán os problemas específicos na terceira idade, referentes a:**

A) Vivenda, traballo, aforro e saúde.

**B) Saúde, vivenda, cultura e lecer.**

C) Saúde, vivenda, cultura e traballo.

**4.- Segundo o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, O Alcalde ten atribuído:**

A) Dirixir o goberno e a administración municipal.

B) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.

**C) As respostas A e B son correctas.**

**5.- A extensión do Concello de Arzúa é de:**

A) 144.58 Km<sup>2</sup>

B) 155,48 Km<sup>2</sup>

**C) 168,35 Km<sup>2</sup>**

**Sendo as respostas correctas as marcadas en negra en dita proba .**

As 10:30 horas procédese o chamamento dos/as aspirantes admitidos en lista definitiva aprobada por decreto do Alcalde de 2/7/2019 n.º 459 presentándose a realización da proba os/as seguintes aspirantes:

1.- Lucía Montero Pérez

2.- Raquel Sesto Rey

3.-Alejandro Marcos Rodríguez Monteserín

4.- Lucía Picado Dopico

5.-Ana M.<sup>a</sup> Varela Montes

6.-Begoña Failde Blanco

7.- Constanza Fernández Couto

8.- Lucía García Martínez

A proba de oposición comeza ás 10:45 rematando ás 11:28 horas por entrega do último exame sen agotar o tempo total da proba ata as 12:45. Sendo incorrecta como se sinala polos aspirantes a redacción da pregunta 37 se acorda polo Tribunal a súa anulación e substitución pola Reserva número 1.

A continuación polo Tribunal procédese a realizar a valoración da proba de oposición acordando por unanimidade as seguintes puntuacións:

- 1.- **Lucía Montero Pérez 5,6** ( 16 preguntas ben contestadas ) **non alcanza a puntuación mínima de 6.**
- 2.- **Raquel Sesto Rey 11,20** ( 32 preguntas ben contestadas )
- 3.- **Alejandro Marcos Rodríguez Montesión 7** ( 20 preguntas ben contestadas )
- 4.- **Lucía Picado Dopico 8,75** ( 25 preguntas ben contestadas )
- 5.- **Ana M.<sup>a</sup> Varela Montes 8,4** ( 24 preguntas ben contestadas )
- 6.- **Begoña Failde Blanco 9,1** ( 26 preguntas ben contestadas )
- 7.- **Constanza Fernández Couto 8,4** ( 24 preguntas ben contestadas )
- 8.- **Lucía García Martínez 7,35** ( 21 preguntas ben contestadas )

Polo Tribunal procédese a continuación a valoración de méritos aportados polos/as aspirantes que superaron a proba de oposición para fase de concurso conforme a base 10.2 das bases que rexen ese proceso de selección

**10.2. Fase concurso. Máximo 6 puntos.** Será posterior á fase de oposición ( valorándose os méritos só daqueles aspirantes que acaden a puntuación indicada como mínima para entender superada a proba de oposición ) e non será eliminatoria en caso de non acadar puntuación.

O Tribunal publicará o seu resultado no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello con anuncio na páxina web.

O Tribunal só admitirá documentos **orixinais ou copias cotexadas** para acreditar os méritos.

O Tribunal non valorará os méritos que non estean xustificadas dentro do prazo de presentación de instancias.

O Tribunal valorará a experiencia profesional, a formación académica e a formación complementaria, cun máximo de 6 puntos, segundo o seguinte baremo:

**a) Experiencia profesional. Máximo 2 puntos.**

Por servizos prestados para calquera administración pública como funcionario/a de carreira, interino/a ou contratado/a laboral fixo ou temporal, en postos de igual ou similar categoría e no que se desenvolvan tarefas ou funcións propias do posto que se convoca:

0,10 puntos por cada mes de servizo ata o máximo de 2 puntos ( non se sumarán as fraccións meses considerados en 30 días )

Para a súa acreditación deberán presentar a seguinte documentación orixinal ou **copia cotexada**: - Certificación de servizos prestados emitida pola administración correspondente ou contrato de traballo.

- Certificado de vida laboral .

A non presentación de ambos documentos (certificado de vidas laboral +certificado de empresa AAPP e ou contrato de traballo para acreditar categoría na que se prestaron os servizos) suporá a non valoración dos méritos alegados.

### **b) Formación académica. Máximo 2 puntos.**

- Por estar en posesión de máis dunha titulación das esixidas na base 5.f), un (1) punto por cada titulación a maiores da computada como requisito.

- Idiomas estranxeiros:

Nivel usuario básico -Nivel A1: 0,10 puntos/

Nivel A2: 0,20 puntos Nivel usuario independente

-Nivel B1: 0,30 puntos/

Nivel B2: 0,60 puntos

Nivel usuario competente – Nivel C1: 0,75 puntos/

Nivel C2: 1,00 punto

Só se valorará un título ou certificado por idioma, o de maior puntuación, debidamente acreditado.

Serán admitidos certificados acreditativos de obtención de nivel de idiomas expedidos pola EOI, así como de organismos privados con validez internacional, como Cambridge e Trinity, ou equivalente, debendo a persoa aspirante acreditar dita equivalencia.

Deberán presentar para a súa acreditación o orixinal ou copia cotexada do título ou certificación que o acredite.

### **c) Formación complementaria: Máximo 2 puntos.**

Valorarase ata un máximo de 2 puntos a asistencia a cursos impartidos por Administracións Públicas, organismos públicos, centros oficiais ou dependentes de Administracións Públicas ou Universidades Públicas, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado e o desenvolvemento eficiente das mesmas, de acordo co seguinte baremo:

Horas Puntuación:

25 a 49 horas 0,15

50 a 74 horas 0,20

75 a 99 horas 0,25

100 a 149 horas 0,30

150 horas ou máis 0,35

Unicamente se valorará a formación complementaria e de perfeccionamento correspondente a Cursos de formación. Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas. Non se valorarán curso de formación que formen parte dun proceso selectivo. Non se valorarán cursos de informática nin de prevención de riscos laborais, por non gardar relación directa coas funcións do posto convocado. As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais. O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas.

, outorgando a seguinte puntuación por unanimidade :

**1.- Raquel Sesto Rey oposición 11,20 ( 32 preguntas ben contestadas )**

**Concurso:1,10**

**a) Experiencia profesional :9 meses no Concello de Melide =0,90**

**b) Formación académica : A2 Italiano nivel básico = 0,20**

**c) Formación complementaria :0**

**TOTAL= 12,30**

**2.-Alejandro Marcos Rodríguez Monteserín oposición 7 ( 20 preguntas ben contestadas )**

**Concurso:1,15**

**a) Experiencia profesional : 0,40 experiencia Concello O Pino**

**b) Formación académica : C1 inglés 0,75**

**c) Formación complementaria: acredita Máster sen que consten horas non se puntúa conforme as bases .**

**TOTAL= 8,15**

**3.- Lucía Picado Dopico 8,75 ( 25 preguntas ben contestadas )**

**Concurso:0,95**

**a) Experiencia profesional : non se valoran prácticas nin actuación como bolseira nin contratos que non son con Administración Publica**

**b) Formación académica :**

Inglés B2 0,60

Italiano e Francés non acredita equivalenciai como sinalan as bases .

**c) Formación complementaria:**

Posgrado en educación museo sin horas no se valora,

Máster universitario lecturas ciudad histórica 0,35 ( créditos indicados se superan as 150 horas ) ,

Non se valora curso contidos dixitais ( non se valoran cursos informáticos )

Diseño e ilustración non valorable( non se valoran cursos informáticos )

Ofimática non valorable ( non se valoran cursos informáticos )

**TOTAL= 9,7**

**4.-Ana M.<sup>a</sup> Varela Montes 8,4 ( 24 preguntas ben contestadas )**

**Concurso:2,8**

**a) Experiencia profesional :** non se valoran experiencia en Touro xa que non presenta contrato nin experiencia en Ponteceso por non poder o Tribunal ver en informe de vida laboral dita experiencia conforme as bases .Non se valora experiencia fora das administracións públicas.

**b) Formación académica :**

1 punto por segunda titulación licenciada en Historia .

Inglés B1 0,30

A2 Francés 0,20

**c) Formación complementaria:**

Lingua signos 30horas 0,15

Curso información oficinas turismo 50 h 0,20

Curso interpretación patrimonio 30 horas 0,15

Paradores 0,15

Curso guías parques 100 horas 0,30

Turismo Rural Sostible 50 h 0,20

II Curso Básico formación guías astronómicos 26 h 0,15

Non se valoran xornadas, simposios, obradoiro , cursos con menos de 25 horas .

**TOTAL= 11,2**

**5.-Begoña Failde Blanco 9,1 ( 26 preguntas ben contestadas )**

**Concurso:0,60**

**a) Experiencia profesional :** non avalada conforme bases .

**b) Formación académica :**

Non se valora segunda titulación por non estar recollido o titulo de Publicidade e Relacións públicas na bases 5.f)

Inglés B2 0,60 só se valora titulación idioma máis alta .

Idiomas dentro de licenciatura non se valoran conforme as bases .

**c) Formación complementaria:**

Non cumpren horas, contidos esixidos nas bases , ou son de informática

**TOTAL= 9,7**

**6.- Constanza Fernández Couto Tella 8,4 ( 24 preguntas ben contestadas )**

**Concurso:2,35**

**a) Experiencia profesional :** Ayuntamiento Fene 3 meses = 0,30.

Non se valora experiencia profesional que non sexa en Administración Pública ou non se acredite conforme as bases.

**b) Formación académica :**

Non se valora segunda titulación por non estar recollido o título de Publicidade e Relacións públicas na bases 5.f)

Inglés B2 0,60 só se valora titulación idioma máis alta .

**c) Formación complementaria:**

Non se valoran xornadas, contidos non relacionados seminarios xornadas asistencias accións formativas con diferentes contidos que non chegan as 25 horas.

Curso diseño Turismo rural 35 h 0,15

Curso Turismo 40 h 0,15

Formación Guía Turístico 35 h 0,15

Guía Turístico espacios naturales 30 h 0,15

Guía turístico municipal 40 h 0,15

Agencia de viajes 785 horas 0,35

Emprendedor turístico 300 horas 0,35

**TOTAL= 10,75**

**7.- Lucía García Martínez 7,35 ( 21 preguntas ben contestadas )**

**Concurso:0,30**

**a) Experiencia profesional :**

Non se valora experiencia profesional que non sexa en Administración Pública ou non se acredite conforme as bases.

**b) Formación académica :**

Inglés B1 0,30

**c) Formación complementaria:**

Non se valoran xornadas, contidos non relacionados seminarios xornadas asistencias accións formativas con diferentes contidos que non chegan as 25 horas.

**TOTAL= 7,65**

Por unanimidade en aplicación da base 10.3

**10.3 Cualificación final**, presentación de documentos e formalización de contrato. A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. A maior puntuación obtida na proba tipo test.
- 2.º. A maior puntuación obtida na experiencia profesional.

3.º. En caso de persistir o empate este resolverase por sorteo público.

O Tribunal despois da cualificación publicará a lista de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para formar parte da bolsa de emprego , por orde de puntuación, elevando a mesma o alcalde presidente para a súa aprobación.

os membros do Tribunal propoñen ó Alcalde a formación de bolsa de emprego conforme as bases tal e como segue acordando publicar a lista de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para forma parte da bolsa de emprego pola seguinte orde de puntuación e eevear a mesma o Alcalde para a súa aprobación :

- 1.- **Raquel Sesto Rey 12,30**
- 2.- **Ana M.<sup>a</sup> Varela Montes 11,20**
- 3.- **Constanza Fernández Couto Tella 10,75**
- 4.- **Begoña Failde Blanco 9,7 ( mais nota en proba de oposición que Lucía Picado Dopico )**
- 5.-**Lucía Picado Dopico 9,7**
- 6.- **Alejandro Marcos Rodríguez Montesión 8,15**
- 7.-**Lucía García Martínez 7,65**

Polo Presidente sendo as 13:45 horas levántase esta sesión do que dou fe có visto e prace do Presidente

Asinada dixitalmente na data e hora que figura na marxe

A Secretaria:

Rebeca Vázquez Vázquez

Presidente: Luís Fole Barrio ( Arquitecto Técnico do concello de Arzúa )

Vogais asistentes :

- 1.-Joaquim Vázquez Rodríguez ( Técnico de normalización lingüística do Concello de Melide )
- 2.-Ana Vallo Camba ( Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto )